


Instituto de Educación Secundaria David Buján.

Cambre.

Departamento de Matemáticas.



Sistemas de cualificación e recuperación na ESO

Para coñecemento do **alumnado da ESO** e das súas **familias**, o Departamento fará pública a seguinte nota:

- 1.- O Departamento realizará Avaliación continua **non habendo** por tanto **exames de recuperación**.
- 2.- Haberá **tres exames** (un por cada avaliación) **comunicados previamente, acumulativos** (a materia de cada exame volve a entrar no seguinte) **e progresivos**. Non obstante, aprobar o terceiro destes exames **non significa forzosamente** aprobar a materia.
- 3.- Estes exames elaboraranse conxuntamente polo Departamento e **faranse os do mesmo nivel o mesmo día e á mesma hora**. Nas preguntas figurará a puntuación das mesmas.
- 4.- **Todos os exames incluírán** de forma progresiva **teoría**, á que **haberá que contestar en forma correcta** tanto **no contido** como **na expresión e ortografía**.
- 5.- a) As notas finais para cada avaliación (A1, A2 e A3) confeccionaranse do seguinte xeito:

Nota da primeira avaliación $A1 = N1$

Nota da segunda avaliación: $A2 = 35\%N1 + 65\%N2$

Nota da terceira avaliación: $A3 = 15\%N1 + 25\%N2 + 60\%N3$

- b) A nota de máis peso en cada avaliación (N1, N2 e N3) calcularase cos seguintes criterios:

A nota do exame de avaliación corresponderá aproximadamente a un **60%**. O **40%** restante decidírase a partir de outros criterios: chamadas en clase, probas individuais e/ou colectivas, caderno de clase,...**Este último tipo de probas non teñen por que ser anunciadas**. En todo caso, as porcentaxes anteriores son só **indicativas** e poderán ser modificadas a criterio do profesorado de cada grupo.

- c) A nota final será aproximada a un número enteiro tendo en conta o **traballo** de cada alumno ou alumna en particular.

- 6.- Cada alumno ou alumna terá un caderno específico para a materia de matemáticas. **Este caderno poderá ser requirido** polo profesor/a **en calquera momento**.

- 7.- Todo o **alumnado ten dereito a que se lle explique razoadamente o que fixo mal e ben** nun exame. **Para solicitar explicacións** relativas ás probas escritas, **hai que dirixirse ao profesor/a de matemáticas na semana seguinte a coñecerse publicamente a nota**.

- 8.- A **proba extraordinaria** de **setembro** elaborárase en base aos contidos programados para o curso e impartidos, non incluírá aqueles contidos que queden sen impartir ao longo do curso. Incluírá materia das tres avaliacións e a puntuación de cada pregunta aparecerá especificada.

Sistemas de cualificación e recuperación para 1º de Bacharelato

Para coñecemento do **alumnado de 1º de Bacharelato** e das súas **familias**:

- 1.- En **1º Bacharelato** haberá **tres exames** (un por cada avaliación) **comunicados previamente, nos que entrará** a materia explicada nesa avaliación. Non obstante, aprobar estes exames **non significa forzosamente** aprobar avaliación.
- 2.- Estes exames elaboraranse conxuntamente polo Departamento e **faranse os do mesmo nivel o mesmo día e á mesma hora**. Nas preguntas figurará a puntuación das mesmas.
- 3.- **Todos os exames incluirán** de forma progresiva **teoría**, á que **haberá que contestar en forma correcta tanto no contido como na expresión e ortografía**.
- 4.- O Departamento realizará **exames de recuperación de cada unha das avaliacións. A nota de dito exame substituirá á nota global da avaliación**.
- 5.- a) En cada avaliación calcularase unha nota (N1, N2 e N3) cos seguintes criterios:

A nota do exame de avaliación corresponderá aproximadamente a un **60%**. O **40%** restante decidirse a partir de outros criterios: chamadas en clase, probas individuais e/ou colectivas, caderno de clase,...**Este ultimo tipo de probas non teñen por que ser anunciadas**. En todo caso, as porcentaxes anteriores son só **indicativas** e poderán ser modificadas a criterio do profesorado de cada grupo.

b) As notas finais para cada avaliación (A1, A2 e A3) confeccionaranse do seguinte xeito:
 Nota da primeira avaliación: $A1 = N1$
 Nota da segunda avaliación: $A2 = N2$.
 Nota da terceira avaliación: $A3 =$ media aritmética de N1, N2 e N3. Esta media deberá ser igual ou superior a 5, noutro caso a nota non superará o 4.

c) A nota final será aproximada a un número enteiro tendo en conta o **traballo** de cada alumno ou alumna en particular.
- 6.- Cada alumno ou alumna terá un caderno específico para a materia de matemáticas. **Este caderno poderá ser requirido** polo profesor/a **en calquera momento**.
- 7.- **Todo o alumnado ten dereito a que se lle explique razoadamente o que fixo mal e ben nun exame. Para solicitar explicacións** relativas ás probas escritas, **hai que dirixirse ao profesor/a de matemáticas na semana seguinte a coñecerse publicamente a nota**.
- 8.- A **proba extraordinaria de setembro** elaboraranse en base aos contidos programados para o curso e impartidos, non incluirá aqueles contidos que queden sen impartir ao longo do curso. Incluirá materia das tres avaliacións e a puntuación de cada pregunta aparecerá especificada.

Sistemas de cualificación e recuperación para 2º de Bacharelato. Matemáticas II

Para coñecemento do **alumnado de 2º de Bacharelato** e das súas **familias**, o Departamento fará pública a seguinte nota:

1.- En **2º Bacharelato, Ciencias**, haberá un mínimo de **catro exames** (un por cada bloque temático, Análise, Álgebra, Xeometría e Probabilidade) **comunicados previamente, nos que entrará** a materia do bloque correspondente. Non obstante, aprobar estes exames **non significa forzosamente** aprobar o bloque.

Estes exames elaboraranse conxuntamente polo Departamento e **faranse os do mesmo nivel o mesmo día e á mesma hora**. Nas preguntas figurará a puntuación das mesmas.

2.- Cando se realice máis dun exame nalgún dos bloque temáticos, a nota correspondente a dito bloque calcularase do seguinte xeito:

A nota do exame de cada bloque temático corresponderá aproximadamente a un **60%** da nota final do bloque. O **40%** restante decidirse a partir de outros criterios: outros exames, probas individuais e/ou colectivas, caderno de clase,...**Este último tipo de probas non teñen por que ser anunciadas**. En todo caso, as porcentaxes anteriores son só indicativas e poderán ser modificadas a criterio do profesorado de cada grupo.

3.- **Todos os exames incluirán** de forma progresiva **teoría**, á que **haberá que contestar en forma correcta** tanto **no contido** como **na expresión e ortografía**.

4.-

a) Nota final do curso: Calcularase cunha media ponderada ca seguinte ponderación, Análise, 35%, Álgebra 25%, Xeometría 25% e Probabilidade 15%. Esta media deberá ser igual ou superior a 5, noutro caso a nota non superará o 4.

b) A nota final será aproximada a un número enteiro tendo en conta o **traballo** de cada alumno ou alumna en particular.

5.- O Departamento realizará **exames de recuperación de cada un dos bloques temáticos**. **A nota de dito exame substituirá á nota global do bloque en cuestión**.

6.- A nota de cada avaliación poñerase segundo os criterios expostos no apartado anterior cos datos dos que dispoña o profesorado nese momento. Estas notas da primeira e segunda avaliacións son só informativas de cara ás familias pois, como se ten indicado anteriormente, as notas que se tomarán en consideración para elaborar a cualificación final son as correspondentes aos bloques temáticos.

7.- Cada persoa terá un caderno específico para a materia de matemáticas. **Este caderno poderá ser requirido** polo profesor/a **en calquera momento**.

8.- Todo o **alumnado ten dereito a que se lle explique razoadamente o que fixo mal e ben** nun exame. **Para solicitar explicacións** relativas ás probas escritas, **hai que dirixirse ao profesor/a de matemáticas na semana seguinte a coñecerse publicamente a nota**.

9.- A **proba extraordinaria de xuño** elaboraranse en base aos contidos programados para o curso e impartidos, non incluirá aqueles contidos que queden sen impartir ao longo do curso. Incluirá materia das tres avaliacións e a puntuación de cada pregunta aparecerá especificada.

Sistemas de cualificación e recuperación para 2º de Bacharelato. Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II

Para coñecemento do **alumnado de 2º de Bacharelato** e das súas **familias**, o Departamento fará pública a seguinte nota:

1.- En **2º Bacharelato, CCSS**, haberá un mínimo de **tres exames** (un por cada bloque temático, Análise, Álgebra e Estatística e Probabilidade) **comunicados previamente, nos que entrará** a materia do bloque correspondente. Non obstante, aprobar estes exames **non significa forzosamente** aprobar o bloque.

Estes exames elaboraranse conxuntamente polo Departamento e **faranse os do mesmo nivel o mesmo día e á mesma hora**. Nas preguntas figurará a puntuación das mesmas.

2.- Cando se realice máis dun exame nalgún dos bloque temáticos, a nota correspondente a dito bloque calcularase do seguinte xeito:

A nota do exame de cada bloque temático corresponderá aproximadamente a un **60%** da nota final do bloque. O **40%** restante decidírase a partir de outros criterios: outros exames, probas individuais e/ou colectivas, caderno de clase,...**Este ultimo tipo de probas non teñen por que ser anunciadas**. En todo caso, as porcentaxes anteriores son só indicativas e poderán ser modificadas a criterio do profesorado de cada grupo.

3.- **Todos os exames incluirán** de forma progresiva **teoría**, á que **haberá que contestar en forma correcta** tanto **no contido** como **na expresión e ortografía**.

4.-

a) Nota final do curso: Calcularase cunha media ponderada ca seguinte ponderación, Análise, 30%, Álgebra 30%, e Estatística e Probabilidade 40%. Esta media deberá ser igual ou superior a 5, noutro caso a nota non superará o 4.

b) A nota final será aproximada a un número enteiro tendo en conta o **traballo** de cada alumno ou alumna en particular.

5.- O Departamento realizará **exames de recuperación de cada un dos bloques temáticos**. **A nota de dito exame substituirá á nota global do bloque en cuestión**.

6.- A nota de cada avaliación poñerase segundo os criterios expostos no apartado anterior cos datos dos que dispoña o profesorado nese momento. Estas notas da primeira e segunda avaliacións son só informativas de cara ás familias pois, como se ten indicado anteriormente, as notas que se tomarán en consideración para elaborar a cualificación final son as correspondentes aos bloques temáticos.

7.- Cada persoa terá un caderno específico para a materia de matemáticas. **Este caderno poderá ser requirido** polo profesor/a **en calquera momento**.

8.- **Todo o alumnado ten dereito a que se lle explique razoadamente o que fixo mal e ben** nun exame. **Para solicitar explicacións** relativas ás probas escritas, hai que dirixirse ao profesor/a de matemáticas na semana seguinte a coñecerse publicamente a nota.

9.- A **proba extraordinaria de xuño** elaborárase en base aos contidos programados para o curso e impartidos, non incluirá aqueles contidos que queden sen impartir ao longo do curso. Incluirá materia das tres avaliacións e a puntuación de cada pregunta aparecerá especificada.

Sistemas de cualificación e recuperación para 2º de Bacharelato. Métodos Estadísticos e Numéricos.

Para coñecemento do **alumnado de 2º de Bacharelato** e das súas **familias**:

- 1.- En **Métodos Estadísticos e Numéricos 2º Bacharelato** haberá un mínimo **tres exames** (un por cada avaliación) **comunicados previamente, nos que entrará** a materia explicada nesa avaliación. Non obstante, aprobar estes exames **non significa forzosamente** aprobar avaliación.
- 2.- Estes exames elaboraranse conxuntamente polo Departamento e **faranse os do mesmo nivel o mesmo día e á mesma hora**. Nas preguntas figurará a puntuación das mesmas.
- 3.- **Todos os exames incluirán** de forma progresiva **teoría**, á que **haberá que contestar en forma correcta tanto no contido como na expresión e ortografía**.
- 4.- O Departamento realizará **exames de recuperación de cada unha das avaliacións. A nota de dito exame substituirá á nota global da avaliación**.
- 5.- a) En cada avaliación calcularase unha nota (N1, N2 e N3) cos seguintes criterios:
A nota do exame de avaliación corresponderá aproximadamente a un **40%**. O **60%** restante decidirse a partir de outros criterios: chamadas en clase, probas individuais e/ou colectivas, caderno de clase,...**Este ultimo tipo de probas non teñen por qué ser anunciadas**. En todo caso, as porcentaxes anteriores son só **indicativas** e poderán ser modificadas a criterio do profesorado de cada grupo.
b) As notas finais para cada avaliación (A1, A2 e A3) confeccionaranse do seguinte xeito:
Nota da primeira avaliación: $A1 = N1$
Nota da segunda avaliación: $A2 = N2$
Nota da terceira avaliación: $A3 =$ media aritmética de N1, N2 e N3. Esta media deberá ser igual ou superior a 5, noutro caso a nota non superará o 4.
c) A nota final será aproximada a un número enteiro tendo en conta o **traballo** de cada alumno ou alumna en particular.
- 6.- Cada persoa terá un caderno específico para a materia de matemáticas. **Este caderno poderá ser requirido polo profesor/a en calquera momento**.
- 7.- Todo o **alumnado ten dereito a que se lle explique razoadamente o que fixo mal e ben** nun exame. **Para solicitar explicacións** relativas ás probas escritas, **hai que dirixirse ao profesor/a de matemáticas na semana seguinte a coñecerse publicamente a nota**.
- 8.- A **proba extraordinaria de xuño** elaborarse en base aos contidos programados para o curso e impartidos, non incluirá aqueles contidos que queden sen impartir ao longo do curso. Incluirá materia das tres avaliacións e a puntuación de cada pregunta aparecerá especificada.